



Proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pola quenda de promoción interna.

Categoría: Operador/a de Posproducción

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1.- Consonte co disposto no artigo 2 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes:

- a) Aplícase só no ámbito laboral e do emprego público das Administracións Públicas.
- b) Garante a prevalencia do réxime xurídico que mellor protexa a discriminación das mulleres.
- c) É un principio informador do ordenamento xurídico autonómico e debe ser integrado na interpretación e aplicación das normas.
- d) Con carácter excepcional permite que se establezan diferencias de trato entre mulleres e homes si estas son xustificadas por unha lei orgánica.

2.- Consonte co disposto no artigo 3 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración xeral de la Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico, na adopción e execución das políticas encamiñadas a eliminar todo tipo de discriminacións contra as mulleres, terán en consideración o traballo realizado pola Comisión de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres:

- a) Do Parlamento de Galicia.
- b) Da Xunta de Galicia.
- c) Do Congreso dos Deputados.
- d) Da Consellería de Política Social e Igualdade.

3.- Consonte co disposto no artigo 4 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a situación na que se atopa unha persoa que sexa, fose ou puider ser tratada de maneira menos favorable que outra en situación comparable denomínase:

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Acoso.
- c) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- d) Práctica neutra.

4.- Consonte co disposto no artigo 5 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a diferenza de trato en base a unha característica relacionada co sexo dunha persoa cando, debido á natureza das actividades profesionais concretas ou ao contexto no que se leven a cabo, a devandita característica constitúa un requisito profesional esencial e determinante, sempre e cando o seu obxectivo sexa lexítimo e o requisito sexa proporcionado, considérase:

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Acoso.
- c) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- d) Non constitúe discriminación por razón de sexo.

5.- Consonte co disposto no artigo 6 de la Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se cree un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo, considérase:

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Acoso sexual.
- c) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- d) Acoso por razón de sexo.

6.- Unha EDL serve para:

- a) Xestionar a incorporación de efectos reiterativos nas pezas dixitais.
- b) Controlar o son recollido en directo na liña de tempo.
- c) Rexistrar as decisións de montaxe e os puntos de edición.
- d) Xestionar o almacenamento dos brutos de vídeo e audio na nube.

7.- A sincronización na preparación da montaxe realízase principalmente mediante:

- a) A aplicación de LUTs de referencia.
- b) A claqueta e o timecode.
- c) Algoritmos de análise espectral.
- d) A forma de onda da pista de son.

8.- A creación de proxys utilízase para:

- a) Optimizar a calidade final do master.
- b) Traballar con arquivos de menor peso para facilitar a edición.
- c) Garantir a compatibilidade entre diferentes sistemas operativos.
- d) Evitar problemas de codificación que causan certos códecs.

9.- A continuidade é un criterio fundamental porque:

- a) Permite reducir o número de tomas necesarias.
- b) Determina a velocidade de exportación do proxecto.
- c) Facilita a integración de efectos visuais complexos.
- d) Evita erros narrativos e visuais entre planos.

10.- O principio 3-2-1 de backup establece que:

- a) Hai que gardar 3 copias, en 2 soportes distintos e 1 fóra da localización principal.
- b) Debe haber 3 copias en 2 formatos distintos pero no mesmo soporte.
- c) Debe haber 3 copias locais e 2 en nube, e unha en RAID.
- d) Debe haber 3 copias en RAID para garantir redundancia, 2 en nube e unha copia local.

11.- Nun fluxo profesional de montaxe, os metadatos permiten:

- a) Reducir o bitrate dos arquivos sen perda de calidade aparente.
- b) Aumentar a profundidade de cor dispoñible no proxecto.
- c) Facilitar a localización, clasificación e recuperación eficiente dos clips.
- d) Corrixir automaticamente pequenos erros de exposición e enfoque.

12.- A montaxe en J consiste en:

- a) Iniciar o corte mantendo o vídeo do plano actual mentres o audio xa pertence ao seguinte.
- b) Adiantar o audio do plano seguinte antes de que entre a súa imaxe.
- c) Atrasar o vídeo respecto ao audio para suavizar a transición.
- d) Manter audio e vídeo do plano actual ata o último fotograma antes do corte.

13.- Unha secuencia multicámara debe configurarse:

- a) Ordenando os clips segundo a súa resolución e perfil de códec para evitar conflitos.
- b) Renomeando automaticamente os clips segundo a orde de importación.
- c) Sincronizando as fontes mediante timecode, forma de onda ou marcadores comúns.
- d) Agrupando os clips por duración para facilitar a edición en directo.

14.- Na compresión Interframe, que representa un fotograma tipo 'I' (Intra)?

- a) Un fotograma Bi-predictivo.
- b) Un fotograma predictivo.
- c) O fotograma de referencia que se almacena íntegro.
- d) Un fotograma que so garda a diferenza respecto ao anterior.

15.- Cal é a unidade de medida que define a Taxa de Bits (Bitrate)?

- a) Betahercios (BHz).
- b) Fotogramas por Bit (fpb).
- c) Bits por Centímetro (b/c).
- d) Bits por Segundo (b/s).

16.- Cal é a desvantaxe principal das imaxes entrelazadas en comparación coas progresivas?

- a) O seu alto custo de produción.
- b) A perda de nitidez nas imaxes.
- c) A incapacidade para sincronizar o son.
- d) A necesidade de cámaras específicas para gravar.

17.- Que resulta fundamental na preparación dunha película para televisión europea?

- a) Configurar o proxecto a 24 fps.
- b) Usar exclusivamente código de cores NTSC.
- c) Configurar o proxecto a 25 fps.
- d) Exportar en resolución de 8K.

18.- A homoxeneización de relación de aspecto nun proxecto con material 16:9, 2.39:1 e 9:16 adoita resolverse mediante:

- a) Conversión directa a 1:1 para evitar perda de información.
- b) Aplicación de pillarbox, letterbox ou reencadre segundo o destino final da peza.
- c) Escalado uniforme ata cubrir o fotograma completo.
- d) Conversión de todos os dips a open gate para manter a máxima área útil.

19.- A montaxe na liña de tempo require decidir entre operacións ripple, roll, slip e slide. A operación SLIP modifica:

- a) O contido interno do plano mantendo fixos os puntos de entrada e saída.
- b) A duración do plano mantendo o contido interno.
- c) A posición do plano desprazando os planos adxacentes.
- d) A sincronización entre vídeo e audio mantendo o ritmo global.

20.- A conversión de fps mediante conformado é preferible cando:

- a) A escena presenta moito ruído.
- b) O proxecto combina perfís de cor distintos.
- c) Se busca manter a duración real sen interpolación artificial.
- d) O proxecto require movementos moi suaves.

21.- Que describe mellor o papel da composición dixital dentro dos VFX?

- a) A creación de modelos tridimensionais para substituír elementos reais nun plano.
- b) A aplicación de corrección de cor primaria para unificar exposición entre cámaras.
- c) A integración e modificación de elementos rodados e CGI para formar unha imaxe final coherente.
- d) A xeración de simulacións dinámicas como fume, lume ou partículas.

22.- Que característica define unha máscara nun proceso de composición multicapa?

- a) Un efecto que altera a profundidade de campo simulada en cada capa.
- b) Unha área delimitada que controla que partes dunha capa son visibles ou ocultas.
- c) Un método para interpolar movementos entre dous keyframes en capas diferentes.
- d) Un procedemento para aplicar, nunha área marcada por unha figura xeométrica ou a man alzada, unha corrección de cor primaria.

23.- Que función cumpre a "ferramenta" tracking?

- a) Analizar o movemento dun elemento para aplicar efectos que sigan esa traxectoria.
- b) Crear unha versión alternativa do plano con distinta relación de aspecto para cada ventá de exhibición.
- c) Reducir o ruído dixital xerado pola compresión empregando técnicas de interpolación entre planos adxacentes.
- d) Eliminación automática do fondo analizando o movemento das figuras no clip.

24.- Que caracteriza unha técnica de roscopia?

- a) A creación de movemento mediante simulación física.
- b) O recorte manual fotograma a fotograma para illar ou animar elementos.
- c) A aplicación automática de máscaras baseadas en diferencias de luminancia.
- d) A substitución dun fondo mediante travelling matte.

25.- Que define un efecto SFX?

- a) Un efecto xerado por ordenador.
- b) Un efecto creado durante a rodaxe.
- c) Un efecto aplicado en posprodución.
- d) Un efecto baseado en simulación 3D.

26.- Que permite a interpolación?

- a) Crear un matte.
- b) Xerar transición entre keyframes.
- c) Aplicar un blur.
- d) Modificar o codec.

27.- Que función cumpre o motion blur nun gráfico animado?

- a) Reducir o contraste do texto para mellorar a integración.
- b) Xerar duplicados do texto para crear efectos de eco visual.
- c) Adaptar a velocidade do gráfico á duración total da secuencia.
- d) Simular a suavidade do movemento para evitar animacións excesivamente mecánicas.

28.- Que risco implica mover ficheiros no disco despois de importalos?

- a) A perda de calidade visual por reconversión interna.
- b) A ruptura das ligazóns entre proxecto e medios, deixando clips fóra de liña.
- c) A duplicación automática dos clips no proxecto.
- d) A eliminación dos metadatos asociados.

29.- Que función cumpre un bin dentro dun software de edición?

- a) Aplicar efectos por lotes a varios clips simultaneamente.
- b) Converter automaticamente os clips ao formato da liña de tempo.
- c) Xerar copias de seguridade internas do proxecto.
- d) Organizar materiais segundo criterios definidos polo usuario.

30.- Que papel cumpre a revisión das dailies?

- a) Avaliar o material recibido e detectar problemas antes da edición.
- b) Garantir que todos os clips teñan o mesmo codec.
- c) Xerar automaticamente unha primeira versión da montaxe.
- d) Aplicar corrección de cor primaria a todo o material.

31.- Que implica o reconformado nun fluxo profesional?

- a) A creación de copias comprimidas para visionado.
- b) A substitución dos clips de baixa calidade polos orixinais en alta resolución.
- c) A eliminación dos efectos temporais aplicados na edición.
- d) A conversión da liña de tempo ao formato final de entrega.

32.- Que é un "stringout" dentro dun fluxo de traballo de edición?

- a) Unha exportación provisional creada unicamente para facilitar a revisión externa do material por parte do equipo creativo.
- b) Unha secuencia de montaxe inicial onde se colocan de maneira continua todas as tomas dispoñibles dunha mesma escena para facilitar a súa análise.
- c) Un axuste predefinido de corrección de cor destinado a unificar a exposición e o contraste antes da edición narrativa.
- d) Un procedemento automatizado que sincroniza audio e vídeo empregando referencias de timecode ou forma de onda.

33.- Que implica a verificación de integridade mediante checksum dentro dun fluxo profesional de xestión de medios?

- a) Un proceso no que os clips son convertidos automaticamente ao codec de traballo definido polo proxecto para garantir compatibilidade técnica durante a edición.
- b) Un método de limpeza que identifica e elimina duplicados presentes no disco para optimizar o espazo de almacenamento.
- c) Un sistema automatizado que xera proxies en segundo plano para mellorar o rendemento da edición.
- d) Un procedemento de comparación bit a bit destinado a confirmar que os ficheiros copiados coinciden exactamente cos orixinais sen alteracións nin corrupción de datos.

34.- Que implica a creación de versións sucesivas da montaxe nun proxecto audiovisual?

- a) Un proceso no que cada nova versión substitúe e elimina automaticamente as anteriores para evitar confusións no almacenamento.
- b) Unha operación automática que adapta a liña de tempo ao formato final de entrega sen intervención do editor.
- c) Un ciclo progresivo de refinamento creativo e técnico no que se revisan cortes, ritmos, selección de tomas e estrutura narrativa.
- d) Unha fase inicial na que se aplica unha corrección de cor primaria para unificar exposición antes de continuar coa edición.

35.- Que papel cumpre o guión anotado dentro dun fluxo de traballo profesional de montaxe?

- a) Unha ferramenta de referencia que relaciona tomas, diálogos, marcas de rodaxe e incidencias para facilitar a montaxe narrativa e a toma de decisións editoriais .
- b) Un documento técnico que especifica o codec, a resolución e o formato final de entrega que debe empregarse na exportación do proxecto.
- c) Un sistema automatizado que xera a estrutura inicial de carpetas e bins segundo a organización prevista para o proxecto.
- d) Un procedemento que permite sincronizar automaticamente audio e vídeo empregando as anotacións realizadas durante a rodaxe.

36.- Cal é o propósito principal do "picture lock" nun proxecto audiovisual?

- a) Fixar unha estrutura narrativa flexible que permita cambios durante a mestura final de son.
- b) Crear unha versión provisional destinada a revisión interna antes do acabado técnico.
- c) Pechar definitivamente a montaxe de imaxe para evitar modificacións que afecten ao resto do fluxo.
- d) Xerar unha copia comprimida que facilite a avaliación creativa por parte do equipo.

37.- Que función cumpre unha premezcla de son antes da mestura final?

- a) Agrupar diálogos, ambientes e música en bloques equilibrados para facilitar o traballo posterior.
- b) Converter todas as pistas ao mesmo formato para garantir compatibilidade entre sistemas.
- c) Aplicar corrección de cor ás pistas de referencia para manter coherencia visual global.
- d) Crear unha versión temporal que permita avaliar a sincronía entre imaxe e son.

38.- Que define unha banda internacional (M&E) dentro do acabado?

- a) Unha pista que contén só diálogos limpos sen música nin efectos adicionais.
- b) Unha pista auxiliar que inclúe música e efectos pero exclúe stems separados.
- c) Unha pista destinada a ambientes naturais que se emprega como referencia.
- d) Unha mestura completa sen diálogos pensada para permitir o dobrado noutros idiomas.

39.- Que se entende por "loudness" nunha entrega profesional?

- a) A intensidade dos efectos de son respecto aos diálogos principais.
- b) O nivel percibido de volume segundo normas como EBU R128 ou ATSC A/85.
- c) A cantidade de pistas de audio incluídas na mestura final do proxecto.
- d) A relación entre música e ambientes nunha mestura multicanle.

40.- Que se entende por "legalización de vídeo"?

- a) A creación dunha copia de seguridade certificada para arquivo.
- b) A corrección de niveis de luminancia e crominancia para cumprir normas de emisión.
- c) A sincronización entre imaxe e son durante o acabado.
- d) A conversión do proxecto ao codec final de entrega.

41.- Que tipo de material envía Montaxe ao departamento de Conformado cando existen planos que deben pasar por VFX?

- a) Unha versión intermedia en ProRes 4444 que inclúe efectos temporais e axustes de continuidade destinados a orientar a composición inicial dos planos.
- b) Unha pista de audio guía acompañada dun copión sen cortes que serve como referencia estrutural para o reconformado posterior da secuencia.
- c) Unha proposta cromática en forma de LUT creativa xunto cun copión MP4 que establece unha guía visual preliminar para o tratamento dos planos afectados.
- d) Unha relación detallada de planos con efectos e unha EDL/XML que permite cortar os RAW e xerar EXR coa duración exacta que require o proceso de VFX.

42.- Que papel cumpre o finishing dentro dos procesos finais de posproducción?

- a) Integrar grafismo, títulos, rodillo e elementos finais sobre o master definitivo garantindo coherencia estética e técnica.
- b) Crear proxies adicionais en formatos lixeiros destinados a facilitar revisións rápidas por parte de dirección e produción.
- c) Sincronizar stems de audio para establecer unha referencia previa á mestura final.
- d) Aplicar axustes de loudness para adaptar o proxecto ás normas de emisión e distribución.

43.- Os arquivos ProRes 422 HQ y ProRes 422 son códecs intermedios moi optimizados para edición e posproducción pola súa boa relación...

- a) Submostreo/profundidade de bits.
- b) Tamaño/calidade de imaxe.
- c) Bitrate/coste.
- d) CPU/GPU.

44.- No cálculo da taxa de bits sen compresión para un video (Resolución x Profundidade de bits x fps), se o resultado é 3.2 Gb/s, que se conclúe?

- a) Que o vídeo ten un alto nivel de compresión.
- b) Que o códec utilizado é Interframe.
- c) Que se necesita un equipo bastante potente para ler tal cantidade de información e reproducila fluidamente.
- d) Que o mostreo de cor é 4:2:0.

45.- Que determina realmente a elección dun códec de traballo nunha estación de edición non lineal?

- a) A compatibilidade do códec co sistema operativo empregado, independentemente da carga de procesado que xere durante a edición.
- b) O equilibrio entre calidade, peso do ficheiro e capacidade do hardware para reproducilo en tempo real sen bloqueos nin perda de fluidez.
- c) A posibilidade de que o códec inclúa unha LUT integrada que permita visualizar a imaxe con corrección primaria aplicada.
- d) A existencia de drivers específicos que permitan que o códec sexa decodificado pola tarxeta gráfica en lugar da CPU.

46.- Que papel cumpre a CPU nunha estación de edición?

- a) Xestionar exclusivamente a reprodución de vídeo mentres a GPU se encarga de todas as operacións restantes.
- b) Almacenar temporalmente os proxectos e clips mediante memoria interna integrada.
- c) Substituír a RAM cando esta non é suficiente para cargar proxectos de gran tamaño.
- d) Executar operacións complexas, procesar instrucións das aplicacións e manter o rendemento xeral do sistema en tarefas de edición e render.

47.- Que determina realmente a necesidade de crear proxies nun fluxo de edición?

- a) A obrigatoriedade de aplicar corrección de cor primaria antes de iniciar a montaxe narrativa.
- b) A imposibilidade de reproducir en tempo real os arquivos orixinais debido ao seu peso, resolución ou códec de rodaxe.
- c) A necesidade de sincronizar audio multicanle antes de iniciar o proceso de edición.
- d) A existencia de LUTs creativas que deben aplicarse sobre o material antes da exportación.

48.- Que papel cumpre o RAID 1 nunha estación de edición?

- a) Aumentar a velocidade de lectura e escritura duplicando o ancho de banda.
- b) Crear unha unidade virtual que combine SSD e HDD.
- c) Actuar como sistema de backup externo.
- d) Duplicar datos en dous discos para garantir seguridade e recuperación inmediata en caso de fallo.

49.- Que caracteriza o pillarboxing?

- a) Que engade barras horizontais para adaptar contido panorámico 16:9 a pantallas máis estreitas en formato 4:3.
- b) Que engade barras verticais para mostrar contido estreito en pantallas máis anchas sen deformar nin recortar a imaxe orixinal.
- c) Que recorta automaticamente a imaxe para evitar distorsións derivadas da relación de aspecto.
- d) Que converte o vídeo nun formato anamórfico para encher a pantalla sen modificar o contido.

50.- Que implica traballar con píxeles non cadrados (non-square pixels)?

- a) Que o vídeo pode presentar deformacións perceptibles ao reproducirse en dispositivos actuais, especialmente cando o software non aplica corrección automática da relación de aspecto.
- b) Que a proporción entre o ancho e o alto do píxel modifica a relación de aspecto efectiva da imaxe, requirindo axustes específicos para evitar distorsións no resultado final.
- c) Que a exportación en resolucións HD queda limitada por incompatibilidades internas entre o formato e os estándares modernos de visualización.
- d) Que a representación dos valores RGB pode verse alterada, producindo variacións cromáticas ao non manterse a estrutura habitual da profundidade de cor.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR A PARTIR DA CASILLA Nº 141 DO CUESTIONARIO

R1.- Consonte co disposto no artigo 9 da Lei 7/2023, de 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, aquela discriminación sufrida por unha persoa por razón do sexo, o embarazo, o parto ou a maternidade, da asunción de obrigas familiares ou do estado civil doutra coa que estivera relacionada denomínase:

- a) Discriminación sexista por asociación.
- b) Discriminación polo exercicio dos dereitos de conciliación.
- c) Discriminación por maternidade e por paternidade.
- d) Discriminación sexista por erro.

R2.- Que supón a entrega final dentro do fluxo de posprodución?

- a) Crear proxies adicionais destinados a revisión interna por parte do equipo creativo.
- b) Xerar todas as versións finais do proxecto segundo especificacións técnicas, documentais e de formato establecidas polo cliente ou plataforma.
- c) Aplicar corrección primaria antes de iniciar o proceso de etalonaxe.
- d) Sincronizar stems de audio para preparar a mestura final.

R3.- Que método adoita ser máis eficaz para revisar material sobranse sen perder trazabilidade?

- a) Crear unha secuencia específica onde se agrupen todas as tomas non seleccionadas.
- b) Eliminar os clips que non se van empregar para liberar espazo no proxecto.
- c) Ordenar os clips sobranse pola súa duración total ou polo seu tamaño en disco.
- d) Mover os clips sobranse a un cartafol externo fóra do software de edición.

